

Segundo a Constitución, España é unha monarquía parlamentaria. Isto significa que “o rei reina pero non goberna”. O Rei é o xefe do Estado, pero o Goberno é elixido polo Parlamento, ante quen debe responder politicamente. O Rei ten a función representativa do Estado e a de árbitro e moderador das institucións. Así e todo, para poder facer compatible a monarquía coa democracia, o Rei non exerce poderes públicos.

Un dos principios nos que se basea a forma de goberno establecido na Constitución é a división de poderes: o poder legislativo reside no Parlamento; o poder executivo, no Goberno e o poder xudicial nos xuíces e o Tribunal de Xustiza.

## **PODER LEXISLATIVO**

1. Institucións: O Parlamento (Cortes Xerais)
  - a. Congreso dos Deputados
  - b. Senado
  
2. Funcións:
  - a. Elabora as leis.
  - b. Exerce o control sobre o poder executivo.
  - c. Aproba os orzamentos xerais
  - d. Elixo ao Presidente do Goberno.

## **PODER EXECUTIVO**

1. Institucións: O Goberno
  
2. Funcións:
  - a. Regula e executa as leis.
  - b. Establece as prioridades e os obxectivos do Goberno.

## **PODER XUDICIAL**

1. Institucións: Tribunal Superior de Xustiza
  
2. Funcións:
  - a. Independencia xudicial.
  - b. Castiga as infraccións das leis.
  - c. Arbitra nos conflitos entre as partes.

**Termos importantes a ter en conta:**

1. Cortes: denominación que recibiron en España as asembleas parlamentarias dende os mesmos inicios do seu proceso de constitucionalismo. Tamén foron chamadas cortes estamentais, durante as idades media e moderna, os corpos políticos dos distintos reinos que terminarían por configurar o Estado español. Na actualidade, a Constitución de 1978 otorga o nome de Cortes Xerais ao conxunto formado por Congreso dos Deputados e o Senado, representantes da soberanía popular que a mesma Constitución ampara. Tamén son denominadas Cortes as asembleas legislativas dalgunhas comunidades autónomas.

2. Congreso dos Deputados: Institución do poder Lexislativo formada por 350 membros elixidos por sufraxio universal. A Constitución reservou ao Congreso unha serie de funcións e facultades que revelan a súa primacía. Desta forma, o Congreso autoriza a formación do Goberno, pode provocar o seu cese, coñece en primeiro lugar a tramitación dos proxectos legislativos e os orzamentos e debe confirmar ou rexeitar as enmiendas ou vetos que pode aprobar o Senado sobre estes textos legislativos. É elixido cada 4 anos e a súa circunscrición é a provincia.

3. Senado: Institución do poder lexislativo que se configura como cámara de representación territorial. As únicas funcións que ten con exclusividade son aquelas que consisten en adoptar as medidas necesarias para obrigar a unha comunidade autónoma que non cumpre as obrigacións da Constitución. En cada provincia elíxense catro senadores. Funciona por comisións.

4. Tribunal Superior de Xustiza (Consello Xeral do poder Xudicial): órgano de goberno autónomo do Poder Xudicial, con competencia en todo o territorio nacional. É, por tanto, o órgano de goberno de tódolos Xulgados e Tribunais que integran o Poder Xudicial e, con subordinación a el, exercen as súas funcións as Salas de Goberno do Tribunal Supremo, da Audiencia Nacional e os Tribunais Superiores de Xustiza. Como tal, é cometido principal do CXPX velar pola garantía da independencia dos Xuíces e Maxistrados no exercicio das funcións que lles son propias fronte a todos, incluso fronte aos órganos xudiciais e os de goberno do Poder Xudicial.